INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A APERTURA DO SISTEMA XERAL VIARIO SXVI-1 (B, C, D, E), NO CONCELLO DE CARBALLO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Carballo
Expediente: 2025AAE3001

ANTECEDENTES

1 O 4.2.2016 aprobouse definitivamente o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Carballo, tras ser sometido a avaliación ambiental estratéxica.

2 O 13.5.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Carballo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVI-1 (B, C, D, E) (en diante, plan ou PEID). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.

3 O 19.5.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.

3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3 da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaM1nv9 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Firmado digitalmente por: MARINA NÚÑEZ ORJALES - 32820109Y
Motivo: Plan especial de infraestruturas e dotacións para apertura do sistema xeral viario SXVI1 (B, C, D e E). Documento de aprobación inicial. Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria 25/2025, do 15/12/2025 (punto 7 da acta da sesión). Expediente 2025/U035/000001. Concello de Carballo. A secretaria municipal, Marina Núñez Orjales.

prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto e ámbito de actuación do plan

Obxecto: Posibilitar a execución do sistema xeral viario SXVI-1 previsto no PXOM nos seus tramos B, C, D e E, así como as conexións cos viarios circundantes.

Ámbito de actuación: Franxa de terreo situada ao noroeste do núcleo urbano de Carballo que discorre en paralelo á AC-552. O ámbito está clasificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, urbanizable e urbano non consolidado.

Superficie do ámbito: 18.871 m².

Emprazamento do ámbito do PEID

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaM1nv9 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito obxecto do plan sitúase nunha zona de bordo do núcleo urbano na que predominan as edificacións unifamiliares illadas, algunhas zonas de equipamentos e de uso terciario, que se alternan con pradarías e parcelas cubertas de vexetación espontánea. O ámbito do plan conecta a estrada DP-1902, situada ao suroeste, coa avenida dos Abetos, a rúa Médico Justo Rodríguez e a rúa Atenas. Esta última está situada no extremo nordés e actualmente non ten saída.

Os terreos do ámbito presentan cotas que varían dos +130 m a +104 m, cunha pendente suave en sentido lonxitudinal. Ao oeste do ámbito discorre o rego da Balsa que foi incluído polo organismo de bacía nunha área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI). O ámbito de actuación está afectado puntualmente no extremo suroeste pola lámina de inundación T500 pero fóra da zona de fluxo preferente deste rego.

A delimitación abrangue varias parcelas con edificacións. Unha está situada dentro dunha parcela axardinada ao norte do ámbito e outra ao sur, xunto a unha construción auxiliar en estado de abandono.



Ámbito de actuación
Elementos catalogados
Lámina de inundación T 500
Zona de fluxo preferente

Características ambientais

A vexetación do ámbito está conformada por prados, zonas de matogueira e no tramo intermedio por unha zona arborada con presencia de especies autóctonas e

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaMTnv9 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

masas de repoboacións forestais. Ao oeste do ámbito e fóra da delimitación, existe unha franxa de vexetación de ribeira asociada ao rego da Balsa.

Non consta ningún elemento do patrimonio cultural catalogado no ámbito. O elemento catalogado máis próximo é un hórreo (ficha H-05040) situado nunha parcela que linda co ámbito a 35 m do bordo nordés e cuxo contorno de protección non afecta ao ámbito.

3. Proposta do plan

Alternativas: O documento ambiental estratéxico considera dúas alternativas, ademais da alternativa 0 ou non formulación do plan. As alternativas 1 e 2 propoñen un trazado viario similar e difiren en que a alternativa 2 presenta distintas conexións cos viarios próximos. O promotor xustifica a elección da alternativa 2 en que *cubre as necesidades de reestruturación do tráfico viario na vila de Carballo*.

Resumo da proposta: Proponse a apertura dun viario circundante para descargar o tráfico da estrada AC-552 ao seu paso pola vila de Carballo e posibilitar a súa humanización. O trazado da nova vía conecta a glorieta da estrada DP-1902, ao suroeste, co tramo A do sistema xeral viario SXVI-1, que está fóra do ámbito.

A ordenación prevista no borrador do PEID inclúe unha glorieta na intersección coa avenida dos Abetos, unha conexión exterior coa rúa Médico Justo Martínez que mantén a sección do viario local e a apertura da rúa Atenas ata a conexión co tramo A do sistema xeral.



Ordenación proposta (Extracto do plano PORD_01ORD do borrador)

A proposta consta de aproximadamente 835 m de lonxitude e 20 m de sección, cun dobre carril de circulación de vehículos de 3,2 m cada un, unha beiravía de 1,2 m a

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaM1nv9 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

cada lado, dúas cunetas lonxitudinais de drenaxe de augas pluviais e unha senda de 3 m para uso mixto peonil e ciclista.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	*Resposta*	*Sen resposta*
Dirección Xeral de Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Augas de Galicia		x
Deputación da Coruña		x

Asemade, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

<u>Dirección Xeral de Urbanismo</u>

Informa das determinacións e da documentación que o PEID debe conter, lembra que o documento debe axustarse ás regulacións das normas técnicas de planeamento de Galicia e indica que a tramitación do planeamento debe seguir o procedemento sinalado no artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

<u>Instituto de Estudos do Territorio</u>

Sinala que o plan implica a ordenación do bordo da trama urbana, que suporá un límite exterior do núcleo urbano cara ao solo rústico, o que implicará melloras para a paisaxe urbana no que atinxe á conectividade viaria e percorridos peonís e para bicicletas. No entanto, o trazado do viario afecta a unha zona situada ao norte con vexetación autóctona, onde deben preverse unha serie de cautelas.

Conclúe que o PEID pode provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico, neste caso no bordo da trama urbana, se ben ese impacto non será significativo. Tamén sinala que o plan debe incorporar un estudo da paisaxe, así como unha serie de medidas de integración paisaxística, tal e como expón o informe.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaM1nv9 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O PEID proposto non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito de actuación. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

A proposta afecta a un ámbito cunha extensión de 1,8 ha de terreos cubertos por vexetación que constitúen un baleiro nunha zona moi antropizada e sen valores ambientais destacados, de carácter periférico respecto ao núcleo urbano. Trátase dunha actuación contemplada no planeamento vixente polo que non se agardan efectos significativos en canto á ocupación do solo.

A nova vía planeada permitirá reducir o tráfico motorizado actual na vila de Carballo, ao desviar vehículos que circulan pola estrada AC-55 que travesa o centro da vila, e en consecuencia mellorará a calidade do ambiente urbano (reducirase a emisión de gases e ruído, aumentará a seguridade dos peóns, etc.). Ademais, a vía incorporará beirarrúas a ambas marxes e un carril-bici, co que se favorecerá a mobilidade activa.

O PEID non terá efectos significativos sobre o patrimonio natural dado que non se detectaron elementos de especial interese natural no ámbito nin na súa contorna inmediata. O plan non afecta á vexetación de ribeira que está situada fóra da delimitación.

O PEID pode provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico, neste caso no bordo da trama urbana, se ben ese impacto non será significativo. Con todo, a ordenación proposta resolve de forma adecuada o remate da malla urbana, pero para mellorar a integración paisaxística deberán terse en consideración as medidas de integración paisaxística sinaladas no informe do Instituto de Estudos do Territorio.

Non consta a existencia de elementos catalogados dentro do ámbito de actuación, nin o ámbito delimitado está afectado polo contorno de protección dos elementos próximos, polo que non se agardan efectos significativos sobre o patrimonio cultural.

O ámbito do plan está afectado puntualmente por unha área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) delimitada por Augas de Galicia. Porén, o borrador sinala que as zonas inundables vinculadas ao rego da Balsa afectan a unha superficie reducida ao suroeste do ámbito. En todo caso, o PEID deberá recoller as determinacións que establecen ao respecto o Regulamento de dominio público hidráulico e mais o Plan hidrolóxico de Galicia-costa. Por outra parte, a ordenación proposta prevé limitar a impermeabilización do solo e empregar pavimentos drenantes, medidas que se valoran positivamente.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaM1nv9 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

As actuacións propostas non incrementarán as necesidades de recursos hídricos para abastecemento nin, en consecuencia, os caudais de augas residuais xerados.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non prevemos que a Plan especial infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVI-1 (B, C, D, E) teña efectos ambientais significativos pero deberán atenderse as seguintes condicións:

1) Deberase realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan. Neste estudo deberán identificarse os elementos de valor presentes no ámbito (como sebes, especies autóctonas, cómaros ou muros tradicionais de cachotería). Ao respecto, minimizarse na medida do posible, a afectación do arborado autóctono de interese.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao Concello, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María José Echevarría Moreno.
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Asinado por: MARIA JOSE ECHEVARRIA MORENO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 04/08/2025 14:18:11

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eARcMTaM1nv9 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve